Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. (Artigo 25. Control e verificación).

E dentro das Obrigas das persoas beneficiarias (Artigo 20):

- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Deberán igualmente conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control de acordo coa lexislación vixente.
- Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.





- Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Xunta de Galicia ten avaliadas todas as prazas nas diferentes Xefaturas Territoriais, ás cales correspóndelle a asignación de prazas vacantes en cada momento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:39:23
Nº Rexistro: 46996
Data envío: 27/02/2019 16:39:23.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:39:20

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 33780** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a convocatoria para a creación das casas do maior”**, (publicada no BOPG número 345 do 2 de agosto de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, foi publicada no DOG número 171 do venres 7 de setembro de 2018.

Esta orde de convocatoria diríxese a apoiar a posta en marcha dunha experiencia piloto nos concellos de Galicia cunha poboación menor de 5.000 habitantes, dando preferencia a aqueles en que non existan recursos de atención a persoas maiores, destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida, ofrecendo unha atención integral e personalizada a persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, grao I e grao II.

As axudas para gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100 % dos gastos elixibles, cun límite máximo global por casa do maior de 15.000 euros. Consideraranse como elixibles aqueles gastos, en que o promotor incorra para a reforma e adaptación da vivenda destinada a servir de casa do maior, así como o seu equipamento e dotación material sempre que sexan necesarios.

As condicións das vivendas pasan por contar cun inmovible ou dispor del con anterioridade á posta en marcha desta experiencia piloto, en condicións de accesibilidade. O citado inmovible estará dotado do seguintes recursos:

1º. Sistema de calefacción que cubra todas as estadias dedicadas ao desenvolvemento da actividade subvencionada e conte coa protección de elementos calefactores precisa para evitar as queimaduras por contacto ou outros riscos para a integridade dos maiores.

2º. Sistema de iluminación adecuado.



3º. Unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos dotada cos elementos necesarios para prestar o servizo de manutención.

4º. Unha zona de comedor habilitada para o efecto.

5º. Unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene:

Contará cunha sala de estar para a realización de actividades individuais ou grupais que posibilite a convivencia e integración social. A súa superficie nunca será inferior a 12,5 metros e deberá dispor de iluminación e ventilación natural.

Contará como mínimo con dous servizos hixiénicos diferenciados, un para cada sexo.

Deberán estar dotados de axudas en paredes e sanitarios, así como timbre de chamada con conexión ás zonas comúns. O chan será antiescorregadizo e de fácil limpeza e as portas terán un dispositivo fácil de peche e apertura, de forma que sexa totalmente accesible.

Ambas as zonas deberán estar situadas preferiblemente na planta baixa ou primeira con fácil acceso ao exterior e ser totalmente accesibles.

6º. Barras, axudas e timbre.

7º. As zonas de acceso adecuaranse tanto ao transporte adaptado como aos usuarios en cadeiras de rodas.

8º. Un mobiliario e equipamento que permita a cobertura das necesidades específicas das persoas maiores usuarias, adecuándose ás súas características.

9º. Dispor dun plan de actuación cos maiores para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa do maior.

Poderán ser beneficiarias destas axudas para pór en marcha unha casa do maior as persoas físicas que se establezan como empresarios autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou contar, polo menos, cunha persoa socia que o estea, no caso de cooperativas de traballo asociado, de calquera das titulacións que se recollen a continuación, ou equivalentes, ou da formación ou experiencia seguinte:

1º. Grao en Medicina.

2º. Grao en Enfermaría.





3º. Título de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico Auxiliar de Clínica, técnico Auxiliar de Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermaría, que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

4º. Título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

5º. Título de técnico superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico superior en Integración Social, establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que na data de publicación do presente acordo, estean traballando na categoría profesional de asistente persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.

6º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

7º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

8º. Diploma que acredite a realización de cursos de formación integral e/ou complementaria para futuros profesionais da casa do maior. O curso ten unha duración de 30 horas impartido dende o día 08.02.2019 pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

b) Residir en concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes de acordo co previsto no artigo 1 da orde ou telo feito nos cinco anos anteriores á posta en marcha da experiencia piloto.

A axuda polo desenvolvemento do proxecto piloto consistirá nunha achega económica de



19.600 € en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora, que se liquidará nos termos previstos no artigo 24 desta orde.

Este importe, que se percibirá anualmente, minorarase proporcionalmente no ano 2018 en función dos meses efectivos de desenvolvemento.

Adicionalmente, no caso de que as persoas usuarias da casa do maior fagan uso do servizo de manutención, os beneficiarios das axudas desta orde percibirán un máximo de 100 euros mensuais para un período mensual de 20 días a razón dun máximo de 5 € por persoa e día, sempre que se efectuase un servizo completo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46986
Data envío: 27/02/2019 16:17:37.483

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:17:33

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:32:19
Nº Rexistro: 46774

Data envío: 25/02/2019 09:32:19.879

Data 25/02/2019 09:32

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **34642**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as inxerencias do Estado español na política impositiva galega en relación cos carburantes”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de stembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O imposto sobre hidrocarburos é un tributo parcialmente cedido ás CCAA pero é de titularidade estatal. Nos orzamentos xerais do estado do 2018, en materia de impostos especiais, procedeuse a integrar o tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos no tipo estatal especial ao obxecto de garantir a unidade de mercado no ámbito dos combustibles e carburantes, sen que dita medida supoña un menoscabo dos recursos das Comunidades Autónomas e todo iso dentro do marco normativo comunitario.

En consecuencia quedou derogado o tipo autonómico do imposto especial de hidrocarburos.

O problema dos altos prezos do combustible en Galicia non ten que ver cos impostos, tal como afirma erroneamente a federación de estacións de servizos, senón que ten que ver coa falta de competencia real neste sector.

Isto é responsabilidade só das compañías privadas que fixan estes prezos, non da Xunta, e demostra que os combustibles en Galicia son máis caros que a media porque así o deciden as empresas, non pola tributación autonómica e estatal.

Non hai unha xustificación obxectiva a ter uns prezos do combustible tan elevados, tendo en Galicia unha das poucas refinerías de España.



Xacobeo 2021



E lembramos que Galicia, durante o tempo que tiña competencias normativas sobre o tramo autonómico do IH, aprobou a devolución do 100% do mesmo ao conxunto do transporte profesional”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:32:19
Nº Rexistro: 46774
Data envío: 25/02/2019 09:32:19.879

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:32:10

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 35228** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As obras da Residencia de Baleira foron executadas pola Xunta de Galicia. Posteriormente ese centro foi adscrito ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en agosto de 2016 para a súa xestión e posta en funcionamento. Para o seu equipamento se incluíu no orzamento de 2017 o correspondente financiamento necesario para proceder á licitación do mesmo, que se publicou no DOG do 12-4-2017, e que se rematou nese ano.

As prazas do centro de maiores de Baleira serán públicas e incluídas na rede de centros que xestiona o Consorcio. Este ente xestiona unha parte dos seus centros de atención a persoas maiores con persoal propio e outra parte mediante xestión externalizada. O Consorcio garante a mesma calidade no funcionamento e nos servizos que se prestan nos seus centros, con independencia de que o centro se xestione en calquera das dúas fórmulas, manténdose en calquera caso o carácter público das súas prazas e o mesmos requisitos de acceso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46966
Data envío: 27/02/2019 16:15:03.674

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:15:00

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 36956** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para deixar sen efecto os acordos referidos á retrocesión patrimonial a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social dos edificios do pavillón xeral e da Escola de Enfermería situados no complexo do vello Hospital Xeral de Lugo, así como a repercusión temporal que supón esta decisión no remate das actuacións anunciadas no barrio da Residencia”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 25 de setembro de 2018 o Conselleiro de Facenda Facenda dou resposta a esta pregunta ao contestar no pleno do Parlamento de Galicia á iniciativa con número de rexistro 36955.

Nesta intervención explicou que a Xunta deixou sen efecto a retrocesión dunha parte dos terreos a instancias do Goberno central para realizala nun momento posterior, xa que isto permitirá axilizar e simplificar os trámites necesarios. Deste xeito, realizaríase unha única demolición por parte da Xunta sen necesidade de expediente previo, e reduciranse de sete a dous os expedientes previstos, un de retrocesión e outro de cesión.

Así, o pasado 5 de decembro, a Xunta de Galicia e a empresa encargada dos traballos de demolición asinaron a acta de replánteo como paso previo ao inicio da demolición do antigo Hospital Xeral. Estes traballos de demolición xa comezaron o pasado 17 de decembro.

O Goberno galego sempre mantivo que se trata dun proxecto clave para a cidade de Lugo que



ten como obxectivo a transformación integral do antigo complexo sanitario, dotándoo de novos usos para a cidadanía, ao tempo que se logra eliminar barreiras e conectar o barrio da Residencia co centro da cidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46965
Data envío: 27/02/2019 16:14:55.709

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:14:52

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 37290** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos á Galicia publicados polo Instituto Nacional de Estatística en materia de natalidade e fecundidade para o ano 2017, a súa correspondencia co obxectivo noveno reflectido no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e o paquete de medidas que vai implantar para acadar a revitalización demográfica do territorio galego, así como o resultado das postas en marcha para ese fin, desde a entrada en vigor dese plan”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da situación demográfica de Galicia, como tamén o é de que o resultado das políticas que está a desenvolver non serán visibles no curto prazo: son precisos anos para reverter os efectos dunha dinámica que se vén producindo dende hai máis de tres décadas.

Respecto dos datos publicados polo INE aos que aluden, temos que ter seriedade e rigor á hora de presentalos, de feito, por exemplo, recollen que 13 comunidades autónomas tiveron unha caída maior que a de Galicia no número de nacementos respecto do ano anterior. En números absolutos somos a 5ª Comunidade Autónoma en número de nacementos (18.413), soamente por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid e Valencia. Galicia ten un mellor comportamento que a media nacional en canto á baixada do número de nacementos: un -3,4% fronte un -4,5% do conxunto de España.

Igualmente, á espera de comprobar o dato definitivo para 2017, cómpre sinalar que o índice sintético de fecundidade situouse en 2016 en 1,13 fillos/as por muller, o valor máis alto dende o



ano 2009 e, coa excepción de 2014 no que se acada o 1,14 , tamén o máis alto do que vai de século.

Se ben é certo que Galicia rexistra o peor saldo vexetativo, isto obedece a que somos a Comunidade Autónoma que rexistra un maior envellecemento da poboación.

O Goberno galego está a actuar con responsabilidade e sentido de país na abordaxe do reto demográfico, recollido como tal xa en 2015 na planificación estratéxica da comunidade autónoma.

Neste sentido, xa nese mesmo ano puxo en marcha o Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia). Trátase dun plan de apoio integral ás familias estruturado en tres áreas: axudas, conciliación e servizos.

Forma parte del a Tarxeta Benvida, unha axuda económica para as familias destinada a apoiar os gastos derivados do nacemento, garda con fins adoptivos ou adopción dun neno ou nena. Con carácter xeral, a axuda ten unha contía de 1.200 euros, ampliándose para as familias con renda igual ou inferior a 22.000 € ata que o neno ou nena cumpra tres anos nas seguintes contías:

-600 €/ano, , se é o primeiro fillo/a

-1.200 €/ano, se é o segundo fillo/a

-2.400 €/ano, se é o terceiro/a ou sucesivos/as

A día de hoxe lévanse concedido un total de 38.769 destas axudas.

Dentro da área de conciliación do PAN a Xunta de Galicia apostou forte por dotar de recursos asequibles e de calidade a todo o territorio, no convencemento de que unha política de conciliación axeitada contribúe significativamente a acadar obxectivos políticos fundamentais, en especial en canto a crecemento e emprego, integración social de grupos vulnerables e igualdade de xénero.

Por iso estamos a desenvolver medidas efectivas para que homes e mulleres equilibren as súas responsabilidades laborais e familiares e para que a maioría das mulleres galegas, incluídas as nais de fillos/as pequenos/as, poidan estar no mercado de traballo. Aválanos nesta decisión a experiencia comparada a nivel da Unión Europea, que sinala que estas medidas teñen efectos





positivos nos índices de fecundidade, como ocorre nos países do Norte de Europa ou en Francia.

Deste xeito, a Xunta de Galicia veu traballando na consolidación, mellora e ampliación dos recursos de atención á infancia, incrementando o seu número e poñendo a disposición das familias un maior número de prazas. Neste curso 2018-2019 a rede de escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con recursos públicos acadará as 24.081 prazas, cifra que supón un incremento dun 6,8% en comparación co curso anterior, con 1.642 novas prazas.

Hoxe en día Galicia ten unha ratio de cobertura superior ao 41% dos nenos/as galegas de 0 a 3 anos, superando en máis de 8 puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea.

Ademais, a través de programas como o Bono Concilia conseguimos atender a todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos e que non exista lista de agarda.

Ao abeiro do PAN-CONCILIA iniciaron a súa andadura novas medidas e recursos que permitiron avanzar na posta a disposición das familias de solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación como a apertura de novas escolas infantís en contornos empresariais, ou a posta en marcha de casas niño nos concellos rurais de Galicia que por mor da súa escaseza de poboación carecían de recursos de conciliación. A día de hoxe funcionan 46 e está en fase de resolución unha convocatoria de axudas que permitirá poñer en funcionamento 15 máis. O noso obxectivo é que en 2020 todos os concellos de Galicia contén cun recurso de conciliación.

Este ano comezarán a funcionar 30 casas do maior, coas que outros tantos concellos galegos de menos de 5.000 habitantes se dotarán deste recurso, que dará atención profesional ás persoas maiores de 60 anos con dependencia moderada ou severa.

Con estas iniciativas favorécese a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia, o que favorece a permanencia da poboación no territorio do territorio. Ao mesmo tempo póñense en valor certas cualificacións maiormente posuídas polas mulleres o que contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico.

No desenvolvemento destes dous proxectos estanse a impulsar fórmulas de autoemprego e de economía social, que teñen demostrado ser eficaces para a dinamización económica local e,



consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio.

Tamén puxemos en marcha o Bono Coidado, unha achega económica ás familias para contribuír ao pagamento de servizos de atención a domicilio de nenas e nenos menores de 12 anos en supostos puntuais coa que pretendemos cubrir supostos de enfermidade tanto do neno ou nena como da persoa coidadora habitual ou situacións puntuais de carácter laboral ou de coidado que impidan á familia facerse cargo da súa atención.

Cómpre indicar por outra banda que esta dispoñibilidade de recursos constitúe un elemento fundamental das políticas activas de inclusión, dado que actúa como salvagarda fronte á exclusión social e prevé a pobreza infantil, ao permitir aumentar o acceso e permanencia dos dous proxenitores no mercado laboral.

Recentemente aprobamos o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021. Trátase dun firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado; así como da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoien as familias na atención a menores, a persoas en situación de dependencia. Este Plan tamén avoga polo fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Tamén a Estratexia Retorna 2020, coa que tentamos favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a dos seus descendentes a través dunha batería de medidas dirixidas a que sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional.

Ou o Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante un apoio ás actividades socioeconómicas que permita a creación e conservación do emprego.

Así mesmo, o goberno autonómico creou o Observatorio galego de dinamización demográfica, no que están representadas a Xunta de Galicia, a Administración do Estado, a Administración Local, as organizacións sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia, así como as presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas (CIG, UGT, CCOO e CSIF), a Confederación de Empresarios de Galicia, o Consello Económico e Social de Galicia, os grupos políticos con representación no Parlamento e as tres universidades galegas.





A creación deste foro plural parte do convencemento de que reverter a actual situación demográfica debe ser un obxectivo común de toda a sociedade e de que cómpre ter unha política de actuación o máis consensuada posible, con continuidade no tempo.

O primeiro traballo do Observatorio foi a realización dunha diagnose da situación de Galicia dende o punto de vista demográfico. O resultado del é o documento titulado *Informe Galicia: perspectivas demográficas*, que foi informado favorablemente por unanimidade do pleno do Observatorio o 16 de xullo de 2018.

O seguinte paso do Observatorio foi avanzar no establecemento de liñas estratéxicas de acción ante o cambio demográfico que está a vivir Galicia, levando a cabo unha análise DAFO-CAME que tamén foi informada favorablemente por unanimidade do pleno do Observatorio o 19 de decembro de 2018.

Estas liñas están a ser consideradas na lei de impulso demográfico que actualmente está elaborando o executivo autonómico e igualmente serán tidos en conta na normativa e instrumentos de planificación que a desenvolvan.

Esta norma atenderá a varios eixos que foron pactados como prioritarios:

- O envellecemento activo e saudable
- A creación de contornas sociais favorables para o libre desenvolvemento das familias
- A xeración de maiores oportunidades para a mocidade.
- O facer máis atractivo o medio rural para fixar poboación
- A promoción das condicións de vida necesarias para atraer nova poboación

Deste xeito a previsión é poder presentar a norma no Parlamento no primeiro período de sesións do ano 2019.

Noutra orde de cousas, este goberno seguirá reclamando unha Estratexia Nacional para o Cambio Demográfico e que se teñan en conta os criterios poboacionais no financiamento autonómico.

Así mesmo, a nivel europeo seguiremos demandando que os factores demográficos estean presentes no reparto de fondos no seo da Unión Europea.



O noso desexo en Galicia é seguir traballando de maneira coordinada co resto de administracións e axentes nesta cuestión; de tal xeito que se poidan sacar adiante medidas de alcance e que perduren no tempo, condición indispensable para xestionar con éxito o cambio demográfico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46964
Data envío: 27/02/2019 16:14:47.580

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:14:44

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 38188** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns das demoras que se veñen detectando durante o ano 2018 na concesión pola Xunta de Galicia da Tarxeta Benvida, as medidas que vai adoptar para a súa axilización e as súas intención respecto do establecemento nas ordes dos vindeiros anos dun prazo menor para ese fin”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As sucesivas convocatorias da axuda da Tarxeta Benvida prevén un prazo de resolución que, con carácter xeral, se cumpriu. Sí que se pode tardar efectivamente máis cando se require a subsanación de documentación necesaria para resolver, o cal non significa en ningún caso incumprimento dos prazos establecidos, que en todo caso son necesarios para realizar a tramitación administrativa que a concesión de calquera axuda pública leva aparellada.

A convocatoria actualmente en vigor, regulada a través da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados ou adoptados/as no ano 2019 e se procede á súa convocatoria (DOG do 31 de decembro), establece a posibilidade de presentar a solicitude durante a xestación do fillo/a precisamente coa vontade de axilizar ao máximo o momento no que as familias que cumpran os requisitos poidan beneficiarse da axuda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46961
Data envío: 27/02/2019 16:14:23.764

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:14:20

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 38337** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as razóns da demora existente na resolución das solicitudes da axuda da Tarxeta Benvida, as previsións do Goberno galego respecto da autorización do uso desta tarxeta no comercio electrónico e o prazo estimado para solucionar as dificultades de acceso a ela que padecen as persoas inmigrantes en situación de irregularidade administrativa”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As sucesivas convocatorias da axuda da Tarxeta Benvida prevén un prazo de resolución que, con carácter xeral, se cumpriu. Sí que se pode tardar efectivamente máis cando se require a subsanación de documentación necesaria para resolver, o cal non significa en ningún caso incumprimento dos prazos establecidos, que en todo caso son necesarios para realizar a tramitación administrativa que a concesión de calquera axuda pública leva aparellada.

A convocatoria actualmente en vigor, regulada a través da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados ou adoptados/as no ano 2019 e se procede á súa convocatoria (DOG do 31 de decembro), establece a posibilidade de presentar a solicitude durante a xestación do fillo/a precisamente coa vontade de axilizar ao máximo o momento no que as familias que cumpran os requisitos poidan beneficiarse da axuda.

A Administración non descoñece os prazos de aboamento das súas propias axudas. Agora ben, a Consellería de Política Social sí que descoñece o día exacto de pagamento, que o realiza o Tesouro e non parece eficiente nin oportuno remitir centos de consultas á semana a esta unidade respecto do día concreto de pagamento, que, se insiste, estase a realizar con carácter xeral dentro do prazo establecido.

Actualmente a Tarxeta Benvida xa inclúe a consideración das unidades familiares na que un dos



membros da parella está en situación irregular, permitindo o seu acceso á axuda. Tamén se lle está a dar acceso a ela ás mulleres en situación irregular vítimas de violencia de xénero.

En canto ao uso en comercio electrónico neste momento non está previsto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46960
Data envío: 27/02/2019 16:14:15.921

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:14:12

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 38404** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“os datos do impacto que tiveron as vantaxes fiscais aplicadas en Galicia nos orzamentos da Comunidade Autónoma, así como a valoración do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Os tributos, ademais de ser medios para obter os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, poden servir como instrumentos da política económica xeral e atender á realización dos principios e fins contidos na Constitución Española.

É dicir, recoñécese a ‘instrumentalización económica do tributo’. Agora ben, o feito de que os tributos deixen de ser neutros e de exclusiva finalidade recadatoria, para servir de instrumento da política económica e social, non debe supoñer que se esqueza cal é a súa finalidade principal. E os distintos beneficios que se aproban non poden medirse en termos de recadación senón que hai que analizar a que sectores económicos ou colectivos de persoas, de seren suprimidos, quere deixarse de favorecer.

Polo tanto, o debate non debe radicar sobre o importe dos beneficios fiscais en xeral, coma se a súa existencia fose algo erróneo ou dañino, cando o importante é salientar os destinatarios dos mesmos.

O resumo de todo isto é que os beneficios fiscais de carácter social implantados ou mantidos pola Xunta desde o ano 2009 deixaron máis de 1.100 millóns no peto dos galegos, información que foi trasladada polo Presidente da Xunta durante a súa intervención no debate sobre o estado da autonomía 2018 o pasado outubro.

Con estes beneficios lógranse obxectivos tan importantes como :

- Que unha familia con poucos recursos pague menos polo comedor ou polas escolas infantís.



- que os mozos e discapacitados paguen menos impostos ao adquirir a súa vivenda.
- apoiar o nacemento e adopción de fillos.
- ou beneficiar aos grupos de familias que merecen especial consideración (familias numerosas, acolledoras, ou con persoas con discapacidade ao cargo).

Os beneficios fiscais detállanse na lei de orzamentos (obviamente son unha previsión, como todo o orzamento), ao que acompaña unha extensa memoria de beneficios fiscais que detalla partida por partida, todos os seus importes, baseada nos datos de execución dos anos previos.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 12:52:23
Nº Rexistro: 46823
Data envío: 25/02/2019 12:52:23.559

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 12:52:19

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **40145**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as previsións do Goberno galego referidas ao ofrecemento de información detallada en relación coa débeda pública de Galicia e o impulso dunha comisión de expertos dos distintos ámbitos sociais e económicos para realizar unha auditoría ao respecto, así como os seus cadros de amortización, os tipos de xuro e as entidades coa que está contraída”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego sempre actuou con transparencia con respecto a débeda galega.

Dende 2015, coa implementación por parte do Estado, e a petición de Galicia, do Fondo de Facilidade Financeira das CCAA, Galicia esta a cubrir as súas necesidades de financiamento a través deste mecanismo. As condicións do Fondo de Facilidade Financeira está a permitir a Galicia á redución dos custos de financiamento e o conseguinte aforro orzamentario.

As emisións de débeda anteriores son públicas, e polo tanto as súas condicións son coñecidas: o seu importe e o seu tipo de xuro do 0%.

Todas as emisións de débeda pública se autorizan mediante Orde do Conselleiro de Facenda, e publícanse na paxina web da Xunta, dende o momento en que se emiten ata o momento en que se amortizan, con todas as súas condicións financeiras.

Ademais todas as emisións de débeda pública que realiza a Comunidade Autónoma, publícanse no Diario Oficial de Galicia cos mesmos datos que se lle recollen na Orde que as aproba, e polo tanto son de coñecemento público.

Pero aínda máis, as emisións de débeda publica están representadas mediante anotacións en conta e cotizan e se negocian nos mercados organizados. En concreto, ao igual que a debeda do estado ou de outras CCAA, a débeda pública de Galicia cotiza no Mercado de Deuda Pública de Anotacións.



Por outro lado o Consello de Contas, como órgano fiscalizador externo da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do seu informe de fiscalización da Conta Xeral dedica unha parte importante a débeda pública”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46758
Data envío: 25/02/2019 09:26:18.441

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:26:14

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 40525** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación no portal de transparencia da Xunta de Galicia, segundo o previsto no artigo 8.1.2 da Lei 19/2013, da información referida aos contratos adxudicados pola Administración pública autonómica no 2017, así como os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 15 de febreiro a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda contestou a esta pregunta na Comisión 3ª ao dar resposta a iniciativa número 44608.

Na súa reposta explicou que aínda que a lei non establece un prazo para a publicación do volume orzamentario de contratos adxudicados, enténdese que esta debe realizarse nun prazo prudencial desde que se pecha o exercicio orzamentaria que se refire á información, pero mediando á vez o tempo suficiente para facer a toma de datos e a configuración da información a publicar.

Así o propio informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 59/18 recolle que ‘o momento de publicación de cada documento pode variar, pero en todos eles a finalidade establecida pola lei é a mesma: asegurar a transparencia e o acceso público aos documentos correspondentes’.

A Secretaria Xeral explicou que todos os contratos adxudicados no ano 2017 pola Administración da Comunidade Autónoma foron publicados na plataforma de contratación de Galicia, aínda que recoñeceu o retraso na publicación da totalización dos datos de contratación del 2017 aos efectos de información estatística e aclarou que a tardanza foi debida fundamentalmente a dúas razóns: a primeira, é a lóxica pretensión de que todos os datos remitidos sexan correctos e non discrepantes entre si; a segunda foi polos medios técnicos de tratamento de datos dado que a información se xestiona a través dun módulo específico do



programa de contabilidade pública, sistema contable da Xunta que non foi creado para a xestión específica de contratos pero da que se obtén a información máis fiable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 12:51:31
Nº Rexistro: 46819
Data envío: 25/02/2019 12:51:31.404

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 12:51:27

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 40734** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa xestión das subvencións convocadas, para o ano 2018, para a mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís de 0 a 3 anos e puntos de atención á infancia dependentes das corporacións locais, as razóns existentes para non comunicar a subvención concedida aos concellos beneficiarios no prazo establecido e por escrito, así como a data prevista para a publicación na súa páxina web da relación dos beneficiarios e do importe das axudas concedidas”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social, unha vez esgotado o crédito inicialmente previsto na Orde do 27 de xuño, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se convocan para o ano 2018 (cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020), existindo un remanente e habendo solicitudes que cumprían todos os requisitos establecidos nela para obter subvención que non accederan a ela por falta de crédito, acordou incrementar o crédito destinado a estas axudas en liña cun dos obxectivos do Programa de apoio á natalidade posto en marcha pola Xunta de Galicia que é facilitar á cidadanía recursos de educación infantil de calidade dado que constitúen un pilar esencial para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

Esta decisión é totalmente axustada a dereito, dado que o crédito dispoñible, consignado na aplicación orzamentaria 12.02.312B.760.0, cumpría os requisitos establecidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro para poder ser destinado á ampliación da contía máxima fixada na convocatoria. Así mesmo a ampliación do crédito fíxose pública mediante Resolución publicada no Diario Oficial de Galicia.



A Xunta de Galicia comunicou por escrito a estas entidades locais, o día 23 de novembro, a resolución destas axudas.

A relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria están publicadas no apartado de axudas da páxina web da Consellería de Política Social e tamén foron obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46958
Data envío: 27/02/2019 16:13:59.662

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:13:56

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 41049** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao alumnado que cursou o bacharelato de especialización en idiomas (Pluribach) no curso 2017-2018 e ao que o está a cursar no curso 2018-2019, a realización pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional dalgunha análise das causas da escasa aceptación que ten esta modalidade de bacharelato e a súa valoración respecto do nivel de participación que presentan os centros privados en relación cos centros públicos, así como a posible incidencia do transporte escolar”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 45735 e debatida na Comisión 4ª de data 21/02/2019, á que nos remitimos por ofrecer información sobre o Pluribach, iniciativa enmarcada nas diferentes accións do Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020-Edulingüe que persegue mellorar as competencias lingüísticas do alumnado galego.

Como xa se explicou a Consellería aspira a estender de xeito progresivo os programas e accións de Edulingüe e seguirá apostando pola calidade máis que pola cantidade, ademais de por respectar a autonomía dos centros educativos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46955
Data envío: 27/02/2019 16:08:31.043

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:08:27

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 41481** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural en relación co tesouro xenético que supón a colección de variedades autóctonas de maceiras depositada en Guísamo e Mabegondo, a realización dalgún estudo de mercado referido ás súas posibilidades de futuro e de implantación, así como a consideración da posibilidade de apertura dunha liña de axudas para novas in corporacións á actividade hortofrutícola e o reforzo da actividade existente con especies autóctonas”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“As coleccións de xermoplasma definíronse como coleccións de mostras de xenotipos de especies domésticas e das súas formas silvestres, que se manteñen en forma de sementes ou de plantas, ‘in vivo ou in vitro’, e que serven de material de partida aos melloradores xenéticos e investigadores. A avaliación e caracterización das coleccións de xermoplasma é un dos principais aspectos da xestión dos recursos xenéticos.

A conservación, recollida e documentación do xermoplasma autóctono e de variedades locais nos bancos de sementes esta xustificada por varias razóns.

1. É un patrimonio biolóxico e xenético que non pode deixarse perder, debido que posúe unha maior adaptación e plasticidade ás diferentes condicións das zonas das que proveñen.
2. O material vexetal recollido é unha fonte valiosas de xenes de importancia que están agochados, agardando a súa utilización nos programas de mellora xenética para a obtención de variedades que os agricultores podan utilizar.
3. A prospección e recollida ten un importante valor estratéxico debido a que as variedades comerciais actuais poden ser uniformemente susceptibles a pragas ou enfermidades xeneralizadas.



4. Algúns dos ecotipos ou cultivares tradicionais, a parte do seu valor xenético, posúen características organolépticas sobresaíntes que os fan mais apreciados por certo grupo de consumidores.

5. A súa caracterización e divulgación do comportamento agronómico ou de outras características deste material pode proporcionar datos valiosos para subministro de sementes con base xenética autóctona ás institucións, técnicos, empresas interesadas e agricultores.

A colección de froiteiras do CIAM procede dunha prospección levada a cabo entre 1978-1981 con expedicións anuais nas catro provincias galegas, orientadas á recolección de variedades de froiteiras autóctonas. Como resultado das mesmas estableceuse un banco de xermoplasma de árbores froiteiras que contou na súa orixe con 408 variedades de maceiras, 246 pereiras e 15 cerdeiras. A colección de maceiras inscribiuse no Centro Nacional de Recursos Fitogenéticos en 1981.

No ano 1995 en colaboración coa escola Politécnica Superior de Lugo da USC, iniciase a caracterización morfolóxica da colección de maceiras, esta fase conclúe no ano 2000.

No ano 2012 iniciouse unha colaboración coa facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, buscando a posta en marcha de cultivos 'in vitro' de variedades de maceiras para a súa conservación a longo prazo e libre de virus, tal como recomenda a lexislación en materia de multiplicación de variedades.

No ano 2013 estableceuse unha colaboración co grupo empresarial dedicado á elaboración de bebidas 'Hijos de Rivera'. Esta empresa aposta pola produción de sidra a través da súa filial Customdrinks, incrementando a súa produción nos últimos anos de forma notable. Esta participación se desenvolveu a través dun proxecto FEADER que ten como obxectivo promover o emprego de variedades locais de mazá para o cultivo ecoloxía orientada á produción de sidra.

Dentro do PDR de Galicia 2014-2020 está a medida para a conservación dos recursos xenéticos na agricultura. A Consellería do Medio Rural conserva no banco de xermoplasma dos seus centros de Investigación agraria e forestal distintos ecotipos de cereais, millo, pratenses, hortícolas e froiteiras autóctonas con fin de evitar a súa extinción.

As actuacións que se realizan con esta medida consisten en:

- Localización e caracterización de variedades autóctonas
- Multiplicación destas variedades en centros de investigación propios ou concertados para a





obtención de sementes.

- Conservación in situ fomentando o cultivo na propia explotación mediante técnicas tradicionais.
- Conservación ex-situ que persigue o desenvolvemento de coleccións de recursos.

Polo tanto durante estes últimos anos realizouse a labor mais importante de caracterización e rexistro das variedades autóctonas de maceiras e outras froiteiras como paso previo a súa comercialización seguindo a normativas existentes e que estas variedades poidan ser postas a disposición dos agricultores interesados con todas as garantías de que realmente están plantando aquelas variedades que escollen entre as dispoñibles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46954
Data envío: 27/02/2019 16:08:22.828

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:08:05

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46988
Data envío: 27/02/2019 16:17:53.344
Data 27/02/2019 16:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33777**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“convocatoria para a creación das casas do maior e os criterios se van a ter en conta á hora de escoller aos concellos nos que se sitúen”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Esta orde de convocatoria diríxese a apoiar a posta en marcha dunha experiencia piloto nos concellos de Galicia cunha poboación menor de 5.000 habitantes, dando preferencia a aqueles en que non existan recursos de atención a persoas maiores, destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida, ofrecendo unha atención integral e personalizada a persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, grao I e grao II”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46988
Data envío: 27/02/2019 16:17:53.344

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:17:49

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **33778**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela sobre, “**convocatoria para a creación das casas do maior e os requisitos profesionais se lles esixirá ás persoas que vaian atender directamente ás persoas maiores nestas casas**”, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Poderán ser beneficiarias destas axudas para pór en marcha unha casa do maior as persoas físicas que se establezan como empresarios autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou contar, polo menos, cunha persoa socia que o estea, no caso de cooperativas de traballo asociado, de calquera das titulacións que se recollen a continuación, ou equivalentes, ou da formación ou experiencia seguinte:

1º. Grao en Medicina.

2º. Grao en Enfermaría.

3º. Título de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico Auxiliar de Clínica, técnico Auxiliar de Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermaría, que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

4º. Título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

5º. Título de técnico superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico superior en Integración Social, establecido no Real decreto



2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que na data de publicación do presente acordo, estean traballando na categoría profesional de asistente persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.

6º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

7º. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

8º. Diploma que acredite a realización de cursos de formación integral e/ou complementaria para futuros profesionais da casa do maior. O curso ten unha duración de 30 horas impartido dende o día 08.02.2019 pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

b) Residir en concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes de acordo co previsto no artigo 1 da orde ou telo feito nos cinco anos anteriores á posta en marcha da experiencia piloto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46987
Data envío: 27/02/2019 16:17:45.133

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:17:41

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46985
Data envío: 27/02/2019 16:17:29.324
Data 27/02/2019 16:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33910**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración pola Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos previstos polo goberno galego respecto da creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As axudas convocadas a través da Orde do 4 de xullo de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 presentáronse un total de 4 solicitudes, das cales dúas acadaron unha valoración favorable: a Asociación de empresarios de Mos-Aemos e a Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial da Tomada. Das dúas restantes unha tívose por desistida da súa solicitude por non achegar, logo de requirimento, documentación preceptiva e a outra denegóuselle por incumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



A Xunta de Galicia seguirá impulsando a creación de escolas infantís 0-3 en contornas laborais, no convencemento de que esta iniciativa favorece que as familias poidan ter un lugar de atención aos seus fillos/as menores de tres anos preto do lugar do seu posto de traballo e polo tanto que as persoas compatibilicen a súa vida persoal e familiar coa profesional. Ademais contribúe a crear contornos laborais máis atractivos e eficientes a través dunha mellor administración do capital humano das empresas.

Así mesmo, como potenciais beneficiarias, reforzará a información sobre estas axudas ás asociacións empresariais e entidades representantes de parques empresariais e polígonos industriais de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46985
Data envío: 27/02/2019 16:17:29.324

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:17:25

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46983

Data envío: 27/02/2019 16:17:13.827

Data 27/02/2019 16:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33947**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión da construción da residencia de maiores de Coruña”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’, ten previsto dotar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. De xeito que en Vigo e A Coruña se crearán equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo, con residencias de 120 prazas.

Sumarán en total 900 prazas que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de euros de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, os avances arquitectónicos e tecnolóxicos e de prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que terán aquí o seu fogar.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



No caso de A Coruña, proponse unha parcela próxima ao parque de Eirís, na que se investirán 8 millóns de euros. Crearanse 150 prazas e a previsión de empregos é duns 90.

A data de hoxe o Plan 'Como na casa' está en fase de concurso de ideas arquitectónicas e ten de data límite de presentación das propostas o día 28 de febreiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46983
Data envío: 27/02/2019 16:17:13.827

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:17:10

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46981

Data envío: 27/02/2019 16:16:57.510

Data 27/02/2019 16:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33950**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión para a construción da residencia de maiores de Lugo”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’, ten previsto dotar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. De xeito que en Vigo e A Coruña se crearán equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo, con residencias de 120 prazas.

Sumarán en total 900 prazas que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de euros de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, os avances arquitectónicos e tecnolóxicos e de prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que terán aquí o seu fogar.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



No caso de Lugo, acollerá unha residencia no Hospital xeral, no barrio da Residencia. A ela destinaranse mais de 6 millóns de euros para a creación de 120 novas prazas e permitirá crear 75 empregos.

A día de hoxe o Plan 'Como na casa' está en fase de concurso de ideas arquitectónicas e ten de data límite de presentación das propostas o día 28 de febreiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46981
Data envío: 27/02/2019 16:16:57.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:16:53

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46979
Data envío: 27/02/2019 16:16:40.610
Data 27/02/2019 16:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33953**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión da construción da residencia de maiores de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’, ten previsto dotar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. De xeito que en Vigo e A Coruña se crearán equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo, con residencias de 120 prazas.

Sumarán en total 900 prazas que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de euros de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, os avances arquitectónicos e tecnolóxicos e de prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que terán aquí o seu fogar.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



No caso de Pontevedra, acollerá unha residencia no Hospital Provincial. A ela destinaranse 6,4 millóns de euros para 120 novas prazas e permitirá crear 75 empregos.

A día de hoxe o Plan 'Como na casa' está en fase de concurso de ideas arquitectónicas e ten de data límite de presentación das propostas o día 28 de febreiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46979
Data envío: 27/02/2019 16:16:40.610

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:16:37

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46976

Data envío: 27/02/2019 16:16:24.830

Data 27/02/2019 16:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33955**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión da construción da residencia de maiores de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’, ten previsto dotar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. De xeito que en Vigo e A Coruña se crearán equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo, con residencias de 120 prazas. Sumarán en total 900 prazas que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de euros de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, os avances arquitectónicos e tecnolóxicos e de prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que terán aquí o seu fogar.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



No caso de Ferrol, acollerá unha residencia en O Boial. A ela destinaranse 6,7 millóns de euros para 120 novas prazas e permitirá crear 75 empregos.

A día de hoxe o Plan 'Como na casa' está en fase de concurso de ideas arquitectónicas e ten de data límite de presentación das propostas o día 28 de febreiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46976
Data envío: 27/02/2019 16:16:24.830

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:16:19

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46974
Data envío: 27/02/2019 16:16:05.256
Data 27/02/2019 16:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33957**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión da construción da residencia de maiores de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’, ten previsto dotar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. De xeito que en Vigo e A Coruña, se crearán equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo, con residencias de 120 prazas. Sumarán en total 900 prazas que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de euros de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, os avances arquitectónicos e tecnolóxicos e de prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que terán aquí o seu fogar.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



No caso de Santiago de Compostela, acollerá unha residencia no barrio de As Fontiñas. A ela destinaranse 6,4 millóns de euros para crear 120 novas prazas e 75 novos empregos.

A día de hoxe o Plan 'Como na casa' está en fase de concurso de ideas arquitectónicas e ten de data límite de presentación das propostas o día 28 de febreiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46974
Data envío: 27/02/2019 16:16:05.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:16:01

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46971
Data envío: 27/02/2019 16:15:45.116
Data 27/02/2019 16:15

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33959**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión da construción da residencia de maiores de Vigo”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’, ten previsto dotar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. De xeito que en Vigo e A Coruña se crearán equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo, con residencias de 120 prazas.

Sumarán en total 900 prazas que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de euros de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, os avances arquitectónicos e tecnolóxicos e de prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que terán aquí o seu fogar.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



No caso de Vigo, con una inversión de 8 millóns e unha capacidade de 150 prazas, a parcela proposta para a construción é no actual emprazamento do antigo cuartel de mariñeiría Méndez Núñez (ETEA). A estimación de creación de novos empregos é duns 90.

A data de hoxe o Plan 'Como na casa' está en fase de concurso de ideas arquitectónicas e ten de data límite de presentación das propostas o día 28 de febreiro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46971
Data envío: 27/02/2019 16:15:45.116

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:15:41

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34127**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión polo Goberno galego do remate das obras da residencia para a terceira idade no núcleo de A Chan-Carballo, no concello de Cerdedo-Cotobade”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia no Concello de Cerdedo-Cotobade ten planificada a construción dunha edificación con destino a Residencia de Maiores, anexa ao actual centro de día e Residencia de Cerdedo, que permitirá ampliar as prazas existentes de 18 a 49 prazas de residencia, mantendo no futuro o uso do actual centro para atención diurna.

Para esta actuación, que xa está en execución, están consignados no orzamento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un total de 1.700.000€ en tres anualidades.

En relación á construción dunha residencia no núcleo de A Chan-Carballo, trátase dunha iniciativa municipal do Concello de Cerdedo-Cotobade que, no exercicio da súa autonomía local, planificará e financiará ese equipamento da forma que mellor conveña aos intereses municipais para facela viable, e seguindo os trámites urbanísticos, medio-ambientais e administrativos que sexan necesarios conforme á lexislación que sexa de aplicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46969
Data envío: 27/02/2019 16:15:28.891

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:15:25

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34592** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para abordar a aplicación do II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo suscrito, con data do 9 de marzo de 2018, polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 15 de xaneiro o Goberno galego asinou cos sindicatos UGT e CC.OO, e despois de nove meses de negociacións cos representantes dos traballadores, o Acordo de Concertación Social de Emprego Público de Galicia. Trátase dun acordo histórico, pois é o mais importante no terreo da Función Pública galega das últimas décadas.

Este acordo consta de catro eidos: a estabilidade no emprego público, a funcionarización do persoal laboral fixo, a implantación da carreira profesional no ámbito da Administración Xeral e a introdución de novos dereitos para o conxunto dos traballadores da administración autonómica achegándolle certezas sobre incrementos salariais a aplicar nos próximos anos e novos compromisos en relacións a tempo de traballo e medidas de conciliación.

Con este acordo no só se da traslado dos contidos do acordo Marco asinado polo Goberno de Mariano Rajoy co fin de incorporalos ao patrimonio dos funcionarios galegos, senón que se



adoptan decisións en aspectos que dito acordo non pechaba e aproveita as oportunidades que abría dito Acordo Marco para traelas a función pública autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:33:02
Nº Rexistro: 46776
Data envío: 25/02/2019 09:33:02.629

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:32:58

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34596** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A sentenza 149/2017, do 18 de decembro de 2017 do Tribunal Constitucional se pronuncia para un caso concreto, e non se pode aplicar con carácter xeral para todos os casos de solicitude de permuta entre persoal temporal. Non toda desigualdade de trato normativo respecto á regulación dunha determinada materia supón unha infracción do principio de igualdade recollida no artigo 14 da CE pois en calquera caso sería preciso comprobar se as situacións que se pretenden comparar son iguais ou similares. A propia sentenza nos fundamentos xurídicos, fai referencia a que o dereito de igualdade ante a lei recoñecido no artigo 14 CE non implica en todos os casos un tratamento legal igual con abstracción de calquera elemento diferenciador de relevancia xurídica.

O Tribunal Constitucional, neste suposto concreto, aprecia que todos os elementos son coincidentes en ambas as traballadoras temporais e, que o único criterio de diferenciación é a temporalidade do contrato de traballo; razón que por se soa non pode xustificar a disparidade de trato se non está complementada por outros factores por se mesmos diferenciadores.

Consecuentemente, estima o recurso interposto, concedendo a permuta para este suposto en concreto e non como regra de aplicación xeral a todas as permutas entre persoal temporal.

A Xunta de Galicia autorizou a permuta das traballadoras con data 6 de setembro de 2017,



anteriormente á sentenza do Tribunal Constitucional, e de acordo coa sentenza do 13 de xullo de 2017 (Autos 460/2017) do Xulgado do Social número 1 de Ourense por ter carácter firme.

O Goberno galego analiza as solicitudes de permutas que afectan a empregados públicos autonómicos, tendo en conta as circunstancias dos postos de traballo obxecto da permuta, así como a análise particular das peticións, todo elo en consonancia coas particularidades que entraña a adopción dunha resolución a este respecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:32:53
Nº Rexistro: 46775
Data envío: 25/02/2019 09:32:53.864

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:32:43

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34641** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a garantía que ofrece o Goberno galego de tratamento igualitario e homoxéneo da tributación das pensións das e dos emigrantes retornados a Galicia”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“En canto ao tratamento igualitario hai que dicir unha vez mais que non existe discriminación na tributación dos pensionistas que estiveron na emigración e aqueles que traballaron exclusivamente en España, posto que de acordo coa lexislación vixente teñen a mesma tributación. Aplícase o mesmo réxime que a calquera traballador que percibe rendas de máis dun pagador e o importe das mesmas é superior a 12.000 euros.

En canto o colectivo de pensionistas retornados que reciben dúas pensións (unha de España e outra do estranxeiro), e os pensionistas que reciben unha única pensión, na maioría dos casos procedente do Estado español, enténdese que non existe ningunha discriminación.

A lei do IRPF establece a obriga de presentar declaración aos contribuíntes con rendas do traballo superiores a 22.000 euros, e que moitos pensionistas non presentan declaración porque a súa pensión é inferior a esa cantidade.

A mesma lei establece que, no caso de ter dous pagadores, os contribuíntes teñen que presentar declaración cando a suma da renda percibida supere os 11.200 euros (12.000 euros para o IRPF de 2018, modificación introducida pola Lei de Orzamentos da AXE para o 2018)

Neste suposto entran os pensionistas retornados que perciben menos de 22.000 euros e que, non obstante, si teñen que presentar declaración por percibir pensións de dous pagadores (unha de España e outra do estranxeiro).

Entendemos que non existe ningunha discriminación, porque convén diferenciar dous conceptos distintos: unha cousa é presentar a declaración das rendas percibidas, e outra ben



distinta é tributar por esas rendas percibidas.

O que convén aclarar é que un pensionista en España, aínda que non presente declaración da renda, sí está obrigado a tributar polo conxunto desa renda porque durante cada mes se lle practica unha retención á renda percibida.

Pola contra, a un pensionista retornado non se lle practica retención cada mes na pensión percibida do estranxeiro.

É por isto que o pensionista retornado tributará igual pola mesma cantidade no momento en que faga a declaración, xa que esa cantidade será a mesma que a suma das retencións practicadas a un pensionista que só cobra de España.

Un pensionista retornado e un pensionista que percibe a súa pensión do Estado tributan pola mesma cantidade. A única diferenza é que o retornado tributa no momento de facer a declaración, mentres que o pensionista que só cobra do Estado tributa esa mesma cantidade polas retencións que se lle practican cada mes.

Polo tanto, non existe discriminación.

Ao contrario: sí habería discriminación entre uns pensionistas e outros se os retornados non tivesen a obriga de declarar pola pensión que perciben do estranxeiro, xa que ese pago non está suxeito a retención.

O Goberno galego, en diferentes ocasións deu resposta ante o Parlamento de Galicia a iniciativas parlamentarias sobre a tributación dos emigrantes retornados nas que fixo unha exposición de todas as accións levadas a cabo polo Goberno galego, dentro do seu marco competencial, que non abrangue a tributación das pensións estranxeiras, para axudar e dar solución as reivindicacións deste colectivo.

Todos os acordos parlamentarios foron trasladados ao Goberno central para o seu cumprimento. Ademais o Goberno da Xunta levou a cabo diversas xestións ante o Goberno do Estado gracias ás que se introduciu unha modificación no proxecto de lei de reforma do IRPF para dar satisfacción ás demandas dos emigrantes retornados.

Así mesmo, a Xunta de Galicia levou a cabo diferentes actuacións no proceso de regularización dos emigrantes retornados co obxectivo de que todos os que precisaran axuda para regularizar as súas obrigas tributarias a recibiran.





En relación cos afectados polo Convenio Alemán en vigor antes do 2012, a Xunta, dende o primeiro momento, deixou claro que compartía o criterio das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que non crean xurisprudencia e polo tanto non son de obrigado cumprimento, e que van en sentido contrario as consultas da Dirección General de Tributos (do Ministerio de Hacienda).

A Xunta mostrouse partidaria e reclamou ao Estado que a Axencia Tributaria do Estado tivese en conta estas sentenzas á hora de practicar as liquidacións correspondentes aos exercicios anteriores a 2013. Se mantivo que debería eximir de tributar a todos os retornados de Alemaña que estiveran na mesma situación, independentemente de que foran beneficiarios dunha pensión pública ou privada.

Tanto o titular da Consellería de Facenda como a directora da Axencia Tributaria de Galicia reiteraron en numerosas ocasións a súa enteira disposición para seguir apoiando colectivos de afectados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:16:45
Nº Rexistro: 46788
Data envío: 25/02/2019 10:16:45.267

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 10:16:39

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34644** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as inxerencias do Estado español na política impositiva galega en relación cos carburantes”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O imposto sobre hidrocarburos é un tributo parcialmente cedido ás CCAA pero é de titularidade estatal. Nos orzamentos xerais do estado do 2018, en materia de impostos especiais, procedeuse a integrar o tipo impositivo do Imposto sobre Hidrocarburos no tipo estatal especial ao obxecto de garantir a unidade de mercado no ámbito dos combustibles e carburantes, sen que dita medida supoña un menoscabo dos recursos das Comunidades Autónomas e todo iso dentro do marco normativo comunitario.

En consecuencia quedou derogado o tipo autonómico do imposto especial de hidrocarburos.

O problema dos altos prezos do combustible en Galicia non ten que ver cos impostos, tal como afirma erroneamente a federación de estacións de servizos, senón que ten que ver coa falta de competencia real neste sector.

Isto é responsabilidade só das compañías privadas que fixan estes prezos, non da Xunta, e demostra que os combustibles en Galicia son máis caros que a media porque así o deciden as empresas, non pola tributación autonómica e estatal.

Non hai unha xustificación obxectiva a ter uns prezos do combustible tan elevados, tendo en Galicia unha das poucas refinerías de España.

E lembramos que Galicia, durante o tempo que tiña competencias normativas sobre o tramo



autonómico do IH, aprobou a devolución do 100% do mesmo ao conxunto do transporte profesional”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 12:52:46
Nº Rexistro: 46825
Data envío: 25/02/2019 12:52:46.688

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 12:52:36

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34803** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería do Medio Rural en relación co tesouro xenético, en forma de maceiras, depositado en Guísamo e Mabegondo”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“As coleccións de xermoplasma definíronse como coleccións de mostras de xenotipos de especies domésticas e das súas formas silvestres, que se manteñen en forma de sementes ou de plantas, ‘in vivo ou in vitro’, e que serven de material de partida aos melloradores xenéticos e investigadores. A avaliación e caracterización das coleccións de xermoplasma é un dos principais aspectos da xestión dos recursos xenéticos.

A conservación, recollida e documentación do xermoplasma autóctono e de variedades locais nos bancos de sementes esta xustificada por varias razóns.

1. É un patrimonio biolóxico e xenético que non pode deixarse perder, debido que posúe unha maior adaptación e plasticidade ás diferentes condicións das zonas das que proveñen.
2. O material vexetal recollido é unha fonte valiosas de xenes de importancia que están agochados, agardando a súa utilización nos programas de mellora xenética para a obtención de variedades que os agricultores podan utilizar.
3. A prospección e recollida ten un importante valor estratéxico debido a que as variedades comerciais actuais poden ser uniformemente susceptibles a pragas ou enfermidades xeneralizadas.
4. Algúns dos ecotipos ou cultivares tradicionais, a parte do seu valor xenético, posúen



características organolépticas sobresaíntes que os fan mais apreciados por certo grupo de consumidores.

5. A súa caracterización e divulgación do comportamento agronómico ou de outras características deste material pode proporcionar datos valiosos para subministro de sementes con base xenética autóctona ás institucións, técnicos, empresas interesadas e agricultores.

A colección de froiteiras do CIAM procede dunha prospección levada a cabo entre 1978-1981 con expedicións anuais nas catro provincias galegas, orientadas á recolección de variedades de froiteiras autóctonas. Como resultado das mesmas estableceuse un banco de xermoplasma de árbores froiteiras que contou na súa orixe con 408 variedades de maceiras, 246 pereiras e 15 cerdeiras. A colección de maceiras inscribiuse no Centro Nacional de Recursos Fitogenéticos en 1981.

No ano 1995 en colaboración coa escola Politécnica Superior de Lugo da USC, iniciase a caracterización morfolóxica da colección de maceiras, esta fase conclúe no ano 2000.

No ano 2012 iniciouse unha colaboración coa facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, buscando a posta en marcha de cultivos 'in vitro' de variedades de maceiras para a súa conservación a longo prazo e libre de virus, tal como recomenda a lexislación en materia de multiplicación de variedades.

No ano 2013 estableceuse unha colaboración co grupo empresarial dedicado á elaboración de bebidas 'Hijos de Rivera'. Esta empresa aposta pola produción de sidra a través da súa filial Customdrinks, incrementando a súa produción nos últimos anos de forma notable. Esta participación se desenvolveu a través dun proxecto FEADER que ten como obxectivo promover o emprego de variedades locais de mazá para o cultivo ecoloxía orientada á produción de sidra.

Dentro do PDR de Galicia 2014-2020 está a medida para a conservación dos recursos xenéticos na agricultura. A Consellería do Medio Rural conserva no banco de xermoplasma dos seus centros de Investigación agraria e forestal distintos ecotipos de cereais, millo, pratenses, hortícolas e froiteiras autóctonas con fin de evitar a súa extinción.

As actuacións que se realizan con esta medida consisten en:

- Localización e caracterización de variedades autóctonas
- Multiplicación destas variedades en centros de investigación propios ou concertados para a





obtención de sementes.

- Conservación in situ fomentando o cultivo na propia explotación mediante técnicas tradicionais.
- Conservación ex-situ que persigue o desenvolvemento de coleccións de recursos.

Polo tanto durante estes últimos anos realizouse a labor mais importante de caracterización e rexistro das variedades autóctonas de maceiras e outras froiteiras como paso previo a súa comercialización seguindo a normativas existentes e que estas variedades poidan ser postas a disposición dos agricultores interesados con todas as garantías de que realmente están plantando aquelas variedades que escollen entre as dispoñibles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46967
Data envío: 27/02/2019 16:15:11.713

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:15:08

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35482** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o resultado das xestións realizadas polo Goberno galego ante o Banco de Santander para o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“En diversas ocasións o Goberno galego reiterou que entende como erro por parte do Banco Santander a eliminación da marca Banco Pastor, pero explicou que a decisión final lle corresponde á propiedade do banco.

En canto ao mantemento do emprego e os posibles axustes que se podan acometer, reiterou unha vez mais que desde a Xunta velouse porque eses posibles axustes se fixeran co maior grado de acordo cos representantes dos traballadores e das traballadoras do banco.

O Goberno galego en diversas ocasións explicou que de non adoptarse a decisión que se adoptou, é dicir, a venda do Banco Pastor a outra entidade, e se tivera procedido á liquidación do banco, perderíanse 1.400 empregos, terían pechado mais de 200 oficinas e os depositantes tiveran perdido sobre 30.700 millóns de euros en depósitos de máis dun millón de fogares, dos cales o Banco Pastor representaba sobre 8.000 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:31:49
Nº Rexistro: 46772
Data envío: 25/02/2019 09:31:49.754

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:31:43

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35861** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as razóns do incremento que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2018”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o día 14 de setembro de 2018 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do grupo En Marea con número de rexistro 35413.

Así o director xeral explicou que os datos do Banco de España ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende o ano 2009.

O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san que defende a Xunta, e é froito da progresiva redución do déficit que vén acadando o Goberno galego nos últimos anos. Cada trimestre confírmase que Galicia ten a débeda totalmente controlada e estabilizada.

Grazas á política de control feita pola Xunta dende 2009, Galicia ten 3.800 millóns menos de débeda. Son cartos que non terán que devolver as vindeiras xeracións.

Tal e como adiantou o director xeral, Galicia baixou en tres décimas o seu endebedamento público no terceiro trimestre do ano 2018, ata situalo no 18,3%, e xa é a cuarta comunidade



autónoma con menos débeda de toda España, só por detrás de Madrid, País Vasco e Canarias, segundo ratifican os datos publicados polo Banco de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:31:38
Nº Rexistro: 46771
Data envío: 25/02/2019 09:31:38.238

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:31:29

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35862** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as razóns do incremento que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2018 en relación co conxunto das comunidades autónomas”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o día 14 de setembro de 2018 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do grupo En Marea con número de rexistro 35413.

Así o director xeral explicou que os datos do Banco de España ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende o ano 2009.

O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san que defende a Xunta, e é froito da progresiva redución do déficit que vén acadando o Goberno galego nos últimos anos. Cada trimestre confírmase que Galicia ten a débeda totalmente controlada e estabilizada.

Grazas á política de control feita pola Xunta dende 2009, Galicia ten 3.800 millóns menos de débeda. Son cartos que non terán que devolver as vindeiras xeracións.

Tal e como adiantou o director xeral, Galicia baixou en tres décimas o seu endebedamento público no terceiro trimestre do ano 2018, ata situalo no 18,3%, e xa é a cuarta comunidade



autónoma con menos débeda de toda España, só por detrás de Madrid, País Vasco e Canarias, segundo ratifican os datos publicados polo Banco de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:16:32
Nº Rexistro: 46787
Data envío: 25/02/2019 10:16:32.797

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 10:16:27

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35863** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“a parte da débeda pública que presenta Galicia no primeiro trimestre de 2018 que é levada a cabo a través dos mecanismos extraordinarios de financiamento”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o día 14 de setembro de 2018 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do grupo En Marea con número de rexistro 35413.

Así o director xeral explicou que os datos do Banco de España ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende o ano 2009.

O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san que defende a Xunta, e é froito da progresiva redución do déficit que vén acadando o Goberno galego nos últimos anos. Cada trimestre confírmase que Galicia ten a débeda totalmente controlada e estabilizada.

Grazas á política de control feita pola Xunta dende 2009, Galicia ten 3.800 millóns menos de débeda. Son cartos que non terán que devolver as vindeiras xeracións.

Tal e como adiantou o director xeral, Galicia baixou en tres décimas o seu endebedamento público no terceiro trimestre do ano 2018, ata situalo no 18,3%, e xa é a cuarta comunidade



autónoma con menos débeda de toda España, só por detrás de Madrid, País Vasco e Canarias, segundo ratifican os datos publicados polo Banco de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:51
Nº Rexistro: 46770
Data envío: 25/02/2019 09:30:51.363

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:30:41

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35864** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“a parte da débeda pública que presenta Galicia no primeiro trimestre de 2018 que corresponde á establecida coas entidades bancarias”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o día 14 de setembro de 2018 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do grupo En Marea con número de rexistro 35413.

Así o director xeral explicou que os datos do Banco de España ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende o ano 2009.

O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san que defende a Xunta, e é froito da progresiva redución do déficit que vén acadando o Goberno galego nos últimos anos. Cada trimestre confírmase que Galicia ten a débeda totalmente controlada e estabilizada.

Grazas á política de control feita pola Xunta dende 2009, Galicia ten 3.800 millóns menos de débeda. Son cartos que non terán que devolver as vindeiras xeracións.

Tal e como adiantou o director xeral, Galicia baixou en tres décimas o seu endebedamento público no terceiro trimestre do ano 2018, ata situalo no 18,3%, e xa é a cuarta comunidade



autónoma con menos débeda de toda España, só por detrás de Madrid, País Vasco e Canarias, segundo ratifican os datos publicados polo Banco de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:35
Nº Rexistro: 46769
Data envío: 25/02/2019 09:30:35.504

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:30:21

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35865** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as entidades financeiras coas que Galicia se endebeda”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o día 14 de setembro de 2018 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do grupo En Marea con número de rexistro 35413.

Así o director xeral explicou que os datos do Banco de España ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende o ano 2009.

O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san que defende a Xunta, e é froito da progresiva redución do déficit que vén acadando o Goberno galego nos últimos anos. Cada trimestre confírmase que Galicia ten a débeda totalmente controlada e estabilizada.

Grazas á política de control feita pola Xunta dende 2009, Galicia ten 3.800 millóns menos de débeda. Son cartos que non terán que devolver as vindeiras xeracións.

Tal e como adiantou o director xeral, Galicia baixou en tres décimas o seu endebedamento público no terceiro trimestre do ano 2018, ata situalo no 18,3%, e xa é a cuarta comunidade



autónoma con menos débeda de toda España, só por detrás de Madrid, País Vasco e Canarias, segundo ratifican os datos publicados polo Banco de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:13
Nº Rexistro: 46768
Data envío: 25/02/2019 09:30:13.629

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:30:04

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35866** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre “**o custo da débeda pública eventualmente contraída por Galicia coas entidades bancarias**”, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos o día 14 de setembro de 2018 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do grupo En Marea con número de rexistro 35413.

Así o director xeral explicou que os datos do Banco de España ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende o ano 2009.

O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san que defende a Xunta, e é froito da progresiva redución do déficit que vén acadando o Goberno galego nos últimos anos. Cada trimestre confírmase que Galicia ten a débeda totalmente controlada e estabilizada.

Grazas á política de control feita pola Xunta dende 2009, Galicia ten 3.800 millóns menos de débeda. Son cartos que non terán que devolver as vindeiras xeracións.

Tal e como adiantou o director xeral, Galicia baixou en tres décimas o seu endebedamento público no terceiro trimestre do ano 2018, ata situalo no 18,3%, e xa é a cuarta comunidade



autónoma con menos débeda de toda España, só por detrás de Madrid, País Vasco e Canarias, segundo ratifican os datos publicados polo Banco de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46767
Data envío: 25/02/2019 09:29:58.004

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:29:47

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35892** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as razóns existentes para que Galicia sexa a comunidade autónoma onde máis se incrementa a débeda pública no primeiro trimestre de 2018”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos celebrada o pasado 14 de setembro de 2018 o director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do grupo En Marea con número de rexistro 35413 contestou a pregunta plantexada nesta iniciativa.

Así o director xeral explicou que os datos do Banco de España ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende o ano 2009.

O control da débeda pública é unha das bases do modelo de crecemento san que defende a Xunta, e é froito da progresiva redución do déficit que vén acadando o Goberno galego nos últimos anos. Cada trimestre confírmase que Galicia ten a débeda totalmente controlada e estabilizada.

Grazas á política de control feita pola Xunta dende 2009, Galicia ten 3.800 millóns menos de débeda. Son cartos que non terán que devolver as vindeiras xeracións.

Tal e como adiantou o director xeral, Galicia baixou en tres décimas o seu endebedamento



público no terceiro trimestre do ano 2018, ata situalo no 18,3%, e xa é a cuarta comunidade autónoma con menos débeda de toda España, só por detrás de Madrid, País Vasco e Canarias, segundo ratifican os datos publicados polo Banco de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46766
Data envío: 25/02/2019 09:29:39.269

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:29:30

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36314** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas solicitudes de permuta dos postos de traballo presentadas polos traballadores interinos do persoal laboral dependente dela tras a sentenza do Tribunal Constitucional ao respecto”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A sentenza 149/2017, do 18 de decembro de 2017 do Tribunal Constitucional se pronuncia para un caso concreto, e non se pode aplicar con carácter xeral para todos os casos de solicitude de permuta entre persoal temporal. Non toda desigualdade de trato normativo respecto á regulación dunha determinada materia supón unha infracción do principio de igualdade recollida no artigo 14 da CE pois en calquera caso sería preciso comprobar se as situacións que se pretenden comparar son iguais ou similares. A propia sentenza nos fundamentos xurídicos, fai referencia a que o dereito de igualdade ante a lei recoñecido no artigo 14 CE non implica en todos os casos un tratamento legal igual con abstracción de calquera elemento diferenciador de relevancia xurídica.

O Tribunal Constitucional, neste suposto concreto, aprecia que todos os elementos son coincidentes en ambas as traballadoras temporais e, que o único criterio de diferenciación é a temporalidade do contrato de traballo; razón que por se soa non pode xustificar a disparidade de trato se non está complementada por outros factores por se mesmos diferenciadores.

Consecuentemente, estima o recurso interposto, concedendo a permuta para este suposto en concreto e non como regra de aplicación xeral a todas as permutas entre persoal temporal.

A Xunta de Galicia autorizou a permuta das traballadoras con data 6 de setembro de 2017,



anteriormente á sentenza do Tribunal Constitucional, e de acordo coa sentenza do 13 de xullo de 2017 (Autos 460/2017) do Xulgado do Social número 1 de Ourense por ter carácter firme.

O Goberno galego analiza as solicitudes de permutas que afectan a empregados públicos autonómicos, tendo en conta as circunstancias dos postos de traballo obxecto da permuta, así como a análise particular das peticións, todo elo en consonancia coas particularidades que entraña a adopción dunha resolución a este respecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46764
Data envío: 25/02/2019 09:29:00.926

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:28:49

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36811** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para anular o acordo referido ao barrio da Residencia, de Lugo”**, (publicada no BOPG número 362 do 26 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 17 de outubro de 2018 a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda deu resposta a esta pregunta ao contestar, na Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, á iniciativa con número de rexistro 36810. Nesta intervención explicou que a Xunta deixou sen efecto a retrocesión dunha parte dos terreos a instancias do Goberno central para realizala nun momento posterior, xa que isto permitirá axilizar e simplificar os trámites necesarios. Deste xeito, realizaríase unha única demolición por parte da Xunta sen necesidade de expediente previo, e reduciríanse de sete a dous os expedientes previstos, un de retrocesión e outro de cesión. Así, o pasado 5 de decembro, a Xunta de Galicia e a empresa encargada dos traballos de demolición asinaron a acta de replánteo como paso previo ao inicio da demolición do antigo Hospital Xeral. Estes traballos de demolición xa comezaron o pasado 17 de decembro. O Goberno galego sempre mantivo que se trata dun proxecto clave para a cidade de Lugo que ten como obxectivo a transformación integral do antigo complexo sanitario, dotándoo de novos usos para a cidadanía, ao tempo que se logra eliminar barreiras e conectar o barrio da Residencia co centro da cidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:16:20
Nº Rexistro: 46786
Data envío: 25/02/2019 10:16:20.697

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 10:16:16

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46963
Data envío: 27/02/2019 16:14:39.846
Data 27/02/2019 16:14

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **38186**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela sobre, “**as razóns das demoras que se veñen detectando durante o ano 2018 na concesión pola Xunta de Galicia da Tarxeta Benvida**”, (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As sucesivas convocatorias da axuda da Tarxeta Benvida prevén un prazo de resolución, que con carácter xeral se cumpriu. Sí que se pode tardar efectivamente máis cando se require a subsanación de documentación necesaria para resolver, o cal non significa en ningún caso incumprimento dos prazos establecidos, que en todo caso son necesarios para realizar a tramitación administrativa que a concesión de calquera axuda pública leva aparelada.

A convocatoria actualmente en vigor, regulada a través da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados ou adoptados/as no ano 2019 e se procede á súa convocatoria (DOG do 31 de decembro), establece a posibilidade de presentar a solicitude durante a xestación do fillo/a precisamente coa vontade de axilizar ao máximo o momento no que as familias que cumpran os requisitos poidan beneficiarse da axuda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46963
Data envío: 27/02/2019 16:14:39.846

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:14:36

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38343** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de usar os fondos da Estratexia europea de investimento territorial integrado, para tratar de reverter a situación demográfica de Galicia”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está traballando máis que nunca para afrontar a situación demográfica que vive Galicia. Dous exemplos importantes son, por un lado, a creación do Observatorio de Dinamización Demográfica co obxectivo de dar unha resposta o máis participada e consensuada posible ao reto demográfico e, por outra, que nestes momentos está en elaboración a primeira Lei de Impulso Demográfico, e a previsión é poder presentala no Parlamento no primeiro período de sesións deste ano.

A ITI é un mecanismo que permite concentrar fondos de distintos programas europeos, tanto rexionais como plurirrexionais (FEDER, FSE, FEADER, FEMP, etc.) nun territorio concreto para facer fronte a un problema específico, sexa demográfico, sexa de declive industrial, medioambiental, etc. A Xunta de Galicia considera que é un instrumento que pode axudar a facer fronte a regresión demográfica en Galicia, por iso de cara ao período post 2020 considerara unha proposta de aplicación de fondos na estratexia do Investimento Territorial Integrado co obxectivo de axudar a reverter esta situación.

Pero dentro da estratexia para facer fronte a situación demográfica de Galicia, o Goberno autonómico está incrementando os recursos e servizos a disposición das familias para axudalas tanto na crianza dos seus fillos como á hora de conciliar: achegando os recursos de conciliación ás contornas rurais e laborais coas Casas Niño e as escolas infantís nos polígonos industriais,



poñendo en marcha novas axudas á natalidade (Tarxeta Benvida e Bonos Concilia e Coidado) e multiplicando por dous a oferta de prazas públicas de escolas infantís con respecto a 2009.

Ademais a Xunta de Galicia ven reclamando e continuará reclamando unha estratexia nacional para o cambio demográfico e que se teñan en conta os criterios de poboación no financiamento autonómico. Tamén a nivel europeo, o Goberno galego seguirá demandando que os factores demográficos estean presentes no reparto de fondos da Unión Europea”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46762
Data envío: 25/02/2019 09:27:38.488

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:27:28

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:27:43

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46962
Data envío: 27/02/2019 16:14:31.944
Data: 27/02/2019 16:14

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38187**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela sobre, **“as razóns das demoras que se veñen detectando durante o ano 2018 na concesión pola Xunta de Galicia da Tarxeta Benvida, as medidas que vai adoptar para a súa axilización e as súas intención respecto do establecemento nas ordes dos vindeiros anos dun prazo menor para ese fin”**, (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As sucesivas convocatorias da axuda da Tarxeta Benvida prevén un prazo de resolución, que con carácter xeral se cumpriu. Sí que se pode tardar efectivamente máis cando se require a subsanación de documentación necesaria para resolver, o cal non significa en ningún caso incumprimento dos prazos establecidos, que en todo caso son necesarios para realizar a tramitación administrativa que a concesión de calquera axuda pública leva aparelada.

A convocatoria actualmente en vigor, regulada a través da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados ou adoptados/as no ano 2019 e se procede á súa convocatoria (DOG do 31 de decembro), establece a posibilidade de presentar a solicitude durante a xestación do fillo/a precisamente coa vontade de axilizar ao máximo o momento no que as familias que cumpran os requisitos poidan beneficiarse da axuda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46962
Data envío: 27/02/2019 16:14:31.944

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:14:28

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46959

Data envío: 27/02/2019 16:14:07.562

Data 27/02/2019 16:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40732**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa xestión das subvencións convocadas, para o ano 2018, para a mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís de 0 a 3 anos e puntos de atención á infancia dependentes das corporacións locais, as razóns existentes para non comunicar a subvención concedida aos concellos beneficiarios no prazo establecido e por escrito, así como a data prevista para a publicación na súa páxina web da relación dos beneficiarios e do importe das axudas concedidas”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social, unha vez esgotado o crédito inicialmente previsto na Orde do 27 de xuño, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se convocan para o ano 2018 (cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020), existindo un remanente e habendo solicitudes que cumprían todos os requisitos establecidos nela para obter subvención que non accedieran a ela por falta de crédito, acordou incrementar o crédito destinado a estas axudas en liña cun dos obxectivos do Programa de apoio á natalidade posto en marcha pola Xunta de Galicia que é facilitar á cidadanía recursos de educación infantil de calidade dado que constitúen un pilar esencial para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Esta decisión é totalmente axustada a dereito, dado que o crédito dispoñible, consignado na aplicación orzamentaria 12.02.312B.760.0, cumpría os requisitos establecidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro para poder ser destinado á ampliación da contía máxima fixada na convocatoria. Así mesmo a ampliación do crédito fíxose pública mediante Resolución publicada no Diario Oficial de Galicia.

A Xunta de Galicia comunicou por escrito a estas entidades locais o día 23 de novembro a resolución destas axudas.

A relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria están publicadas no apartado de axudas da páxina web da Consellería de Política Social e tamén foron obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46959
Data envío: 27/02/2019 16:14:07.562

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:14:04

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41482** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural en relación co tesouro xenético que supón a colección de variedades autóctonas de maceiras depositada en Guísamo e Mabegondo, a realización dalgún estudo de mercado referido ás súas posibilidades de futuro e de implantación, así como a consideración da posibilidade de apertura dunha liña de axudas para novas in corporacións á actividade hortofrutícola e o reforzo da actividade existente con especies autóctonas”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“As coleccións de xermoplasma definíronse como coleccións de mostras de xenotipos de especies domésticas e das súas formas silvestres, que se manteñen en forma de sementes ou de plantas, ‘in vivo ou in vitro’, e que serven de material de partida aos melloradores xenéticos e investigadores. A avaliación e caracterización das coleccións de xermoplasma é un dos principais aspectos da xestión dos recursos xenéticos.

A conservación, recollida e documentación do xermoplasma autóctono e de variedades locais nos bancos de sementes esta xustificada por varias razóns.

1. É un patrimonio biolóxico e xenético que non pode deixarse perder, debido que posúe unha maior adaptación e plasticidade ás diferentes condicións das zonas das que proveñen.
2. O material vexetal recollido é unha fonte valiosas de xenes de importancia que están agochados, agardando a súa utilización nos programas de mellora xenética para a obtención de variedades que os agricultores podan utilizar.



3. A prospección e recollida ten un importante valor estratéxico debido a que as variedades comerciais actuais poden ser uniformemente susceptibles a pragas ou enfermidades xeneralizadas.

4. Algúns dos ecotipos ou cultivares tradicionais, a parte do seu valor xenético, posúen características organolépticas sobresaíntes que os fan mais apreciados por certo grupo de consumidores.

5. A súa caracterización e divulgación do comportamento agronómico ou de outras características deste material pode proporcionar datos valiosos para subministro de sementes con base xenética autóctona ás institucións, técnicos, empresas interesadas e agricultores.

A colección de froiteiras do CIAM procede dunha prospección levada a cabo entre 1978-1981 con expedicións anuais nas catro provincias galegas, orientadas á recolección de variedades de froiteiras autóctonas. Como resultado das mesmas estableceuse un banco de xermoplasma de árbores froiteiras que contou na súa orixe con 408 variedades de maceiras, 246 pereiras e 15 cerdeiras. A colección de maceiras inscribiuse no Centro Nacional de Recursos Fitogenéticos en 1981.

No ano 1995 en colaboración coa escola Politécnica Superior de Lugo da USC, iniciase a caracterización morfolóxica da colección de maceiras, esta fase conclúe no ano 2000.

No ano 2012 iniciouse unha colaboración coa facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, buscando a posta en marcha de cultivos 'in vitro' de variedades de maceiras para a súa conservación a longo prazo e libre de virus, tal como recomenda a lexislación en materia de multiplicación de variedades.

No ano 2013 estableceuse unha colaboración co grupo empresarial dedicado á elaboración de bebidas 'Hijos de Rivera'. Esta empresa aposta pola produción de sidra a través da súa filial Customdrinks, incrementando a súa produción nos últimos anos de forma notable. Esta participación se desenvolveu a través dun proxecto FEADER que ten como obxectivo promover o emprego de variedades locais de mazá para o cultivo ecoloxía orientada á produción de sidra.

Dentro do PDR de Galicia 2014-2020 está a medida para a conservación dos recursos xenéticos na agricultura. A Consellería do Medio Rural conserva no banco de xermoplasma dos seus centros de Investigación agraria e forestal distintos ecotipos de cereais, millo, pratenses, hortícolas e froiteiras autóctonas con fin de evitar a súa extinción.





As actuacións que se realizan con esta medida consisten en:

- Localización e caracterización de variedades autóctonas
- Multiplicación destas variedades en centros de investigación propios ou concertados para a obtención de sementes.
- Conservación in situ fomentando o cultivo na propia explotación mediante técnicas tradicionais.
- Conservación ex-situ que persigue o desenvolvemento de coleccións de recursos.

Polo tanto durante estes últimos anos realizouse a labor mais importante de caracterización e rexistro das variedades autóctonas de maceiras e outras froiteiras como paso previo a súa comercialización seguindo a normativas existentes e que estas variedades poidan ser postas a disposición dos agricultores interesados con todas as garantías de que realmente están plantando aquelas variedades que escollen entre as dispoñibles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46953
Data envío: 27/02/2019 16:08:00.410

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:07:56

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36954** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para deixar sen efecto os acordos referidos á retrocesión patrimonial a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social dos edificios do pavillón xeral e da Escola de Enfermería situados no complexo do vello Hospital Xeral de Lugo, así como a repercusión temporal que supón esta decisión no remate das actuacións anunciadas no barrio da Residencia”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 25 de setembro de 2018 o Conselleiro de Facenda Facenda deu resposta a esta pregunta ao contestar no pleno do Parlamento de Galicia á iniciativa con número de rexistro 36955.

Nesta intervención explicou que a Xunta deixou sen efecto a retrocesión dunha parte dos terreos a instancias do Goberno central para realizala nun momento posterior, xa que isto permitirá axilizar e simplificar os trámites necesarios. Deste xeito, realizaríase unha única demolición por parte da Xunta sen necesidade de expediente previo, e reduciranse de sete a dous os expedientes previstos, un de retrocesión e outro de cesión.

Así, o pasado 5 de decembro, a Xunta de Galicia e a empresa encargada dos traballos de demolición asinaron a acta de replánteo como paso previo ao inicio da demolición do antigo Hospital Xeral. Estes traballos de demolición xa comezaron o pasado 17 de decembro.



O Goberno galego sempre mantivo que se trata dun proxecto clave para a cidade de Lugo que ten como obxectivo a transformación integral do antigo complexo sanitario, dotándoo de novos usos para a cidadanía, ao tempo que se logra eliminar barreiras e conectar o barrio da Residencia co centro da cidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:15:56
Nº Rexistro: 46784
Data envío: 25/02/2019 10:15:56.552

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 10:15:49

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40526** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación no portal de transparencia da Xunta de Galicia, segundo o previsto no artigo 8.1.2 da Lei 19/2013, da información referida aos contratos adxudicados pola Administración pública autonómica no 2017, así como os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 15 de febreiro a Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda contestou esta pregunta na Comisión 3ª ao dar resposta a iniciativa número 44608.

Na súa reposta explicou que aínda que a lei non establece un prazo para a publicación do volume orzamentario de contratos adxudicados enténdese que esta debe realizarse nun prazo prudencial desde que se pecha o exercicio orzamentaria que se refire á información, pero mediando á vez o tempo suficiente para facer a toma de datos e a configuración da información a publicar.

Así o propio informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 59/18 recolle que ‘o momento de publicación de cada documento pode variar, pero en todos eles a finalidade establecida pola lei é a mesma: asegurar a transparencia e o acceso público aos documentos correspondentes’.

A Secretaria Xeral explicou que todos os contratos adxudicados no ano 2017 pola Administración da Comunidade Autónoma foron publicados na plataforma de contratación de Galicia, aínda que recoñeceu o retraso na publicación da totalización dos datos de contratación del 2017 aos efectos de información estatística e aclarou que a tardanza foi debida fundamentalmente a dúas razóns: a primeira, é a lóxica pretensión de que todos os datos remitidos sexan correctos e non discrepantes entre si; a segunda foi polos medios técnicos de



tratamento de datos dado que a información se xestiona a través dun módulo específico do programa de contabilidade pública, sistema contable da Xunta que non foi creado para a xestión específica de contratos pero da que se obtén a información máis fiable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:15:29
Nº Rexistro: 46782
Data envío: 25/02/2019 10:15:29.854

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 10:15:21

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **43461**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as medidas a adoptar por parte do Goberno galego a súa estratexia para a mellora da Atención Primaria”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención primaria é o servizo sanitario mellor valorado pola cidadanía en todos os barómetros sanitarios. É un modelo organizativo de éxito, no que temos experimentado melloras, tanto na capacidade diagnóstica coma na capacidade de resolución.

Os indicadores de saúde, e sobre todo o de esperanza de vida, son dos mellores do mundo. Melloraron ao longo do tempo, tendo dado como resultado unha das poboacións máis lonxevas do mundo.

Dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutiva, dotada de profesionais competentes, cun orzamento axeitado, pero que está a sufrir as tensións pola falta de profesionais médicos que afecta a toda España e pola situación epidemiolóxica, cunha evolución cara a cronicidade e a pluripatoloxía propias do envellecemento.

Dende o Servizo Galego de Saúde téñense tomado importantes medidas de mellora dende hai anos, e seguimos traballando e adoptando medidas para poder avanzar cara a un novo modelo de atención primaria, polo que nestes momentos, de cara a acordar un plan de traballo cos profesionais e máis medidas para seguir avanzando, o pasado día 18 de decembro convocamos unha reunión con representantes de todas as categorías das áreas sanitarias e persoal de xestión, dos colexios profesionais e sociedades de médicos de familia, de enfermería especialista de atención primaria, membros do Consello asesor de Sanidade e sociedades científicas.

Constituíronse seis grupos de traballo para abordar: a reorganización e a creación de equipos para identificar os novos roles dos profesionais que traballan na atención primaria; as medidas encamiñadas á atención da demanda con calidade e seguridade; a priorización do plan de investimentos previstos para 2019 na atención primaria; as relacións entre a atención hospitalaria e a primaria; a formación e a



investigación, e a relación cos pacientes a través das novas plataformas tecnolóxicas aplicadas á saúde. O plan de traballo acordado programouse para poder contar coas primeiras conclusións dos expertos no mes de febreiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46753
Data envío: 25/02/2019 09:23:45.864

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:23:37

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **43733**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da adopción de medidas para o mantemento do cadro de persoal necesario e, en especial, evitar a amortización dunha praza de médico por xubilación no Punto de Atención Continuada de Fene”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A cobertura das ausencias dos profesionais do PAC de Fene é do 100%, dado que é un dispositivo de asistencia ás urxencias extrahospitalarias. Non se ten xubilado ningún profesional neste PAC.

No centro de Saúde de Fene viñan prestando servizo 6 médicos de mañá (5 do novo modelo e 1 do modelo tradicional) e 4 de tarde. A praza do facultativo do modelo tradicional (unha vez que este se xubila) require a súa transformación nunha praza de novo modelo. As prazas do modelo tradicional son prazas a reconverter co correspondente procedemento. A necesidade de que cada paciente teña asignado un médico de familia determinou o reparto dos 474 titulares pacientes entre os profesionais do servizo. O dito reparto, de 47 titulares por facultativo, non supón, que en ningún caso a número de TIS por facultativo supere as ratios consideradas como axeitadas pola OMS. A media de TIS no SAP e Fene é de 1291, incluíndo as reasignacións comentadas. Polo tanto, no momento actual, mantéñense o número de pacientes por cota recomendados polos organismos internacionais e sociedades científicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46752
Data envío: 25/02/2019 09:23:16.286

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 9:22:48

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 12:46:37
Nº Rexistro: 46817
Data envío: 25/02/2019 12:46:37.283
Data 25/02/2019 12:46

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **44427**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández sobre, “**as razóns da demora e a data prevista polo Goberno galego para a cobertura da praza de médico vacante por xubilación, así como a baixa de longa duración doutro facultativo no Centro de Saúde de Fene**”, (publicada no BOPG número 424 do 1 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No centro de Saúde de Fene viñan prestando servizo 6 médicos de mañá (5 do novo modelo e 1 do modelo tradicional) e 4 de tarde. A praza do facultativo do modelo tradicional (unha vez que este se xubila) require a súa transformación nunha praza de novo modelo. As prazas do modelo tradicional son prazas a reconverter co correspondente procedemento. A necesidade de que cada paciente teña asignado un médico de familia determinou o reparto dos 474 titulares pacientes entre os profesionais do servizo. O dito reparto, de 47 titulares por facultativo, non supón, que en ningún caso a número de TIS por facultativo supere as ratios consideradas como axeitadas pola OMS. A media de TIS no SAP e Fene é de 1291, incluíndo as reasignacións comentadas. Polo tanto, no momento actual, mantéñense o número de pacientes por cota recomendados polos organismos internacionais e sociedades científicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 12:46:37
Nº Rexistro: 46817
Data envío: 25/02/2019 12:46:37.283

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 12:46:21

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 12:46:10
Nº Rexistro: 46816
Data envío: 25/02/2019 12:46:10.057
Data 25/02/2019 12:45

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **44488**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena sobre, “**a selección de profesionais e persoas usuarias realizada polo Sergas para as consultas relacionadas coa elaboración dun novo modelo de Atención Primaria**”, (publicada no BOPG número 424 do 1 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Preténdese coñecer a opinión dos usuarios do Servizo Galego de Saúde ademais da dos profesionais.

Por iso para definir e mellorar a Atención Primaria pediuse a participación de profesionais e de cidadáns, para que tivesen a oportunidade de opinar e de aportar.

Tamén contamos coa participación, ademais de profesionais de todas as categorías que traballan en AP, con representantes das asociacións científicas, representantes dos colexios profesionais, representantes de asociacións de pacientes etc.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 12:46:10
Nº Rexistro: 46816
Data envío: 25/02/2019 12:46:10.057

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 12:45:44

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **44496**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena sobre, “**as intencións do Goberno galego referidas á concreción do Plan galego de saúde mental coa dotación orzamentaria necesaria para abordar as necesidades da cidadanía na materia**”, (publicada no BOPG número 424 do 1 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental participan todos os axentes implicados, afectados, familiares, traballadores das diferentes categorías profesionais, asociacións profesionais e outras consellerías para formar sinerxias que permitan abordar a maior parte das necesidades coas que conta o noso sistema en materia de saúde mental.

Este documento recollerá as liñas estratéxicas de futuro, nas que estamos desenvolvendo o traballo neste ámbito”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:13:57
Nº Rexistro: 46778
Data envío: 25/02/2019 10:13:57.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 10:13:53

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **44784**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández sobre, **“o prazo previsto polo Goberno galego para o desenvolvemento dun plan de mellora da atención primaria no Sergas que teña en conta as demandas formuladas polos profesionais, así como a estratexia que vai seguir para cubrir as necesidades de profesionais e de especialistas que presenta”**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutiva, dotada de profesionais competentes, cun orzamento axeitado, pero que está a sufrir tensións derivadas en boa medida do aumento progresivo da demanda, que se xunta coa escaseza de profesionais para cubrir prazas, en particular médicos de familia e pediatras.

Pero é o momento de ir máis alá. Os cambios que precisa o modelo organizativo só serán posibles desde o diálogo e o traballo colaborativo da Administración, os profesionais e a cidadanía.

Galicia é unha vez mais pioneira, tamén na toma de medidas para mellorar o modelo.

De cara a acordar un plan de traballo cos profesionais e máis medidas para seguir avanzando, o pasado día 18 de decembro de 2018 convocamos unha reunión con representantes de todas as categorías das áreas sanitarias e persoal de xestión, dos colexios profesionais e sociedades de médicos de familia, de enfermería especialista de atención primaria, membros do Consello asesor de Sanidade e sociedades científicas.

Constituíronse seis grupos de mellora para abordar: a reorganización e a creación de equipos para identificar os novos roles dos profesionais que traballan na atención primaria; as medidas encamiñadas á atención da demanda con calidade e seguridade; a priorización do plan de investimentos previstos para 2019 na atención primaria; as relacións entre a atención hospitalaria e a primaria; a formación e a investigación, e a relación cos pacientes a través das novas plataformas tecnolóxicas aplicadas á saúde.

O plan de traballo acordado programouse para poder contar coas primeiras conclusións dos expertos en febreiro.



Unha das medidas xa aprobadas é a nova modalidade contractual que vai permitir vínculos temporais máis amplos do persoal médico de familia e pediatras de atención primaria (Resolución do 24 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade. DOG do 31 de xaneiro de 2019). Foi aprobado na mesa sectorial no mes de febreiro.

Nestes momentos estamos avaliando outras medidas como a modificación da estrutura directiva nas áreas sanitarias para crear unha dirección de atención primaria, que sexa a interlocución única cos centros de saúde a través do xefe de servizo.

Queremos levar a cabo os cambios que necesita a atención primaria desde o diálogo e a colaboración de todos. Os pasos xa están iniciados e pronto teremos as conclusións do traballo realizado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 10:13:10
Nº Rexistro: 46777
Data envío: 25/02/2019 10:13:10.088

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/02/2019 10:12:42

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 45748** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os criterios da Xunta de Galicia no deseño do novo mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego, a proposta realizada ás Universidades e ao Campus Terra de Lugo e a opinión respecto aos posibles perxuícios da supresión e traslado dalgunhas titulacións deste Campus”**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 45747 e debatida na Comisión 4ª de data 21/02/2019, á que nos remitimos porque serviu para explicar o proceso de negociación que está en marcha e aclarar que o Mapa de Titulacións, acordado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en consenso coas tres universidades galegas, prevé a implantación de 5 novos graos no Campus de Lugo ata o ano 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46952
Data envío: 27/02/2019 16:07:51.863

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:07:36

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 45834** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Concepción Burgo López e don Luíís Álvarez Martínez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da introdución dalgunha nova modificación na relación de titulacións de graos que se imparten no Campus universitario de Lugo, os criterios que está a seguir para ese fin e as razóns da supresión de titulacións que demostran a súa excelencia”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 45747 e debatida na Comisión 4ª de data 21/02/2019, á que nos remitimos porque serviu para explicar o proceso de negociación que está en marcha e aclarar que o Mapa de Titulacións, acordado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en consenso coas tres universidades galegas, prevé a implantación de 5 novos graos no Campus de Lugo ata o ano 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46951
Data envío: 27/02/2019 16:07:24.458

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2019 16:06:59

CSV: esabMLZq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

